

PROXECTO DE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DEREITOS DE EXAME

INFORMACIÓN PÚBLICA PREVIA E AUDIENCIA AOS AFECTADOS:

De conformidade co previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxecto de dar audiencia aos potenciais cidadáns afectados, así como recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas, entidades ou organizacións, debe realizarse un período de **información pública**, a través do portal web do Concello.

No cumprimento do anterior, e segundo o disposto na Orde PRE/1590/2016, do 3 de outubro, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros do 30.09.2016, polo que se ditan instrucións para habilitar a participación pública no proceso de elaboración normativa a través dos portais web, apertúrase un período de información pública:

<i>Prazo e lugar para facer chegar as aportacións adicionais</i>	<i>Prazo:</i> Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas aportacións, durante 10 días hábiles , a contar dende a publicación deste anuncio. <i>Lugar:</i> 1) a través da sede electrónica , cubrindo unha instancia xeral onde comunique o que considere relevante para ter en conta; 2) presencialmente, no caso de persoas físicas, nas Oficinas Xerais , no seu horario de apertura.
<i>Obxecto do período de información pública e audiencia</i>	Este trámite de audiencia e información pública ten por obxecto recabar a opinión dos cidadáns titulares de dereitos e intereses lexítimos afectados por este proxecto normativo, directamente ou a través das organizacións ou asociacións que os representen, así como obter cantas aportacións adicionais poidan realizar outras persoas ou entidades.

PROXECTO DE ORDENANZA :

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DEREITOS DE EXAME

Artigo 1

No uso das facultades conferidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19, 20.4 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, establécese a taxa por dereitos de exame.

I.- FEITO IMPOÑIBLE

Artigo 2

Constitúe o feito impoñible da taxa, a actividade técnica e administrativa conducente á selección do persoal funcionario e laboral entre as persoas que soliciten participar nas correspondentes probas de acceso ou de promoción aos Corpos ou Escalas de funcionarios ou ás categorías de persoal laboral convocadas por este Concello.

III.- SUXEITOS PASIVOS

Artigo 3

Serán suxeitos pasivos da taxa as persoas físicas que soliciten a inscrición como aspirantes nas probas selectivas ás que se refire o artigo 2.

IV. VINDICACIÓN

Artigo 4

4.1.- A vindicación da taxa producirase no momento da solicitude de inscrición nas probas selectivas.

4.2.- A dita solicitude de inscrición non se tramitará mentres non se faga efectivo o importe da taxa, nos termos previstos no artigo 6 desta Ordenanza.

V. BASE IMPOÑIBLE E COTA TRIBUTARIA

Artigo 5

5.1. As taxas que corresponde satisfacer polos servizos regulados nesta Ordenanza, serán as seguintes:

Probas selectivas para:	Euros
Subgrupo A1 ou persoal laboral equivalente	25,00 €
Subgrupo A2 ou persoal laboral equivalente	20,00 €
Grupo B ou persoal laboral equivalente	15,00 €
Subgrupo C1/C2 ou persoal laboral equivalente	10,00 €
Agrupacións profesionais ás que fai referencia a disposición adicional sétima do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público ou persoal laboral equivalente	5,00 €

5.2. Ás taxas anteriores seralle de aplicación a seguinte redución: Do 100 por 100, naqueles supostos nos que o suxeito pasivo sexa unha persoa que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima dun ano, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.

Para a aplicación desta redución, o suxeito pasivo deberá acreditar as circunstancias descritas no parágrafo anterior, mediante presentación de certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda.

VI. NORMAS DE XESTIÓN

Artigo 6

6.1.- A taxa regulada nesta Ordenanza esixirase en réxime de autoliquidación.

Os suxeitos pasivos deberán practicar autoliquidación, nos impresos habilitados ao efecto polo Concello e realizar o seu ingreso en calquera entidade bancaria autorizada, antes de presentar a correspondente solicitude de inscrición, non admitíndose o pagamento fora de dito prazo.

A falla de pagamento da taxa no prazo sinalado no parágrafo anterior, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas.

6.2.- Á solicitude de inscrición deberá acompañarse, en todo caso, copia da autoliquidación, debidamente ingresada. No caso de que o suxeito pasivo sexa unha das persoas ás que se refire o artigo 5.2 desta Ordenanza, deberá achegar a documentación que no mesmo se indica.

6.3.- Cando por causas non imputables ao suxeito pasivo, a actividade técnica e/ou administrativa que constitúe o feito imponible da taxa non se realice, procederá a devolución do importe correspondente. Polo tanto, non procederá devolución algunha dos dereitos de exame nos supostos de exclusión das probas selectivas por causas imputables ao interesado.

VII. EXENCIONS E BONIFICACIÓNS

Artigo 7

Non se concederán máis exencións ou bonificación que as expresamente previstas nas leis ou as derivadas da aplicación de Tratados Internacionais.

VIII. INFRACCIÓNS E SANCIÓN TRIBUTARIAS

Artigo 8

En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como as sancións que ás mesmas corresponda, serán de aplicación as normas xerais establecidas na vixente Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Corcubión, na data da sinatura dixital.

O Alcalde,
Manuel Insua Insua